



**MEMORIA ECONÓMICA PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE PNEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO.**

**1.- OBXECTO.**

O obxecto do presente expediente contempla o subministro de pneumáticos novos, montaxe e reparación de pneumáticos da flota de vehículos do parque móbil do Concello de Vigo, así como das prestación de servizo complementarias asociadas.

Os devanditos servizos complementarios do subministro non soamente garantirán un mellor funcionamento dos vehículos tendo unha importante repercusión na súa vida útil senón unha maior seguridade, sendo fundamentalmente os seguintes:

- Montaxe, desmontaxe de pneumáticos e equilibrado.
- Permutas ou xiros de pneumáticos.
- Reparación de pinchazos.
- Renovado (solo para pneumáticos de vehículos industriais).
- Substitución de cámara interior de pneumático
- Aliñación de direccións.
- Asistencia técnica.

O subministro deberá axustarse á variedade de vehículos da flota. A estes efectos achégase inventario dos diferentes vehículos que compoñen o parque móbil do Concello de Vigo , agrupados en relación a tipoloxía de pneumático requirido (C1, C2 e C3 e industriais) así como as medidas de pneumático requiridas e unidades estimadas anualmente nos anexos I e II ao PPT.

No referente á cualificación do contrato, o presente contrato ten carácter de contrato administrativo de conformidade co artigo 25.1.a LCSP, cualificándose como un **contrato mixto de subministro e servizos en función das necesidades**, de conformidade co artigo 18.1 e a Disposición Adicional 33ª da LCSP, nos que o adxudicatario obrígase a entregar unha pluralidade de bens e executar o servizo, de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas ás necesidades do adquirente.

Para a determinación das normas que deben rexer a adxudicación dos contratos mixtos cuxo obxecto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:22	Páxina 1 de 9
16269-445	CSV: A6AD4C-DB46EA-CH27E6-2UD94S-CKARPZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Expte. 16269-445

conteña prestacións de dous ou mais contratos de obras, subministro ou servizos, se atenderá en primeiro lugar ao carácter da prestación principal, que no presente contrato ven constituída polo servizo, dado que supón o obxecto principal, sendo as prestacións de subministro de carácter accesorio ao servizo, non unicamente pola importancia económica de cada unha delas senón polo carácter accesorio dos devanditos subministro.

No presente contrato, a prestación de maior importancia ven constituída pola prestación de subministro de pneumáticos, sendo os servizos enumerados complementarios do anterior. En base ao volume das actuacións, estímase que o subministro supón un 89,95% do orzamento total, sendo que as correspondentes aos servizos supoñen un 10,05%.

Contéplase polo tanto prestacións correspondentes a diferentes contratos nun contrato mixto, atopándose directamente vinculadas entre si de conformidade co requirido polo artigo 34.2 da LCSP, mantendo entre elas relacións de complementariedade, o que esixe a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional para a satisfacción da referida necesidade.

## 2.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN.

### A) Prezo.-

De conformidade co requirido no artigo 102 LCSP o prezo do contrato ten un prezo certo, aboarase ao contratista en función da prestación realmente executada. No presente contrato o prezo determinarase en termos de prezos unitarios segundo as unidades realmente subministradas ou executadas, supeditada ás necesidades do servizo, motivo polo cal é necesario establecer a forma de determinación dos prezos unitarios.

No prezo enténdese incluído o importe a aboar en concepto de IVE o cal indicarse como partida independente.

Trátase dun prezo adecuado para o efectivo cumprimento do contrato, calculándose en función dos datos que o Parque Móbil elabora en base ás facturas dos diferentes provedores e dos prezos obtidos de diferentes empresas de subministro de pneumáticos e servizos asociados.

Achégase ao PPT Anexo II e III no que se desagregan os prezos unitarios e unidades estimadas como

PARQUE MÓBIL

Páxina 2 de 9



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:22	Páxina 2 de 9
16269-445	CSV: A6AD4C-DB46EA-CH27E6-2UD94S-CKARPZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



necesarias tanto de pneumáticos como de servizos complementarios, determinados segundo as necesidades estimadas do Parque Móbil.

#### B) Prezos unitarios.-

Ao abeiro do previsto no artigo 102.4 LCSP e da Disposición Adicional 33ª o empresario obrígase á entrega dunha pluralidade de bens e prestación de servizos, de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que a contía total poida definirse con exactitude no momento da contratación, por estar supeditadas as entregas e servizos complementarios ás necesidades do Parque Móbil, toda vez que resulta imposible delimitar totalmente o subministro que precisará cada vehículo, e os servizos complementarios asociados o subministro, e en consecuencia a súa contía, todo isto debido á inxente diversidade de posibilidades.

No referente ao **número de unidades** tanto do subministro como dos servizos, o mesmo ven definido polas necesidades estimadas polo Parque Móbil para un período anual e delimitadas no Anexo II ao PPT, desagregándose en número de unidades estimadas de pneumáticos e servizos complementarios asociados.

En consecuencia, o prezo que se establece é un prezo máximo. No prezo se consideran incluídos todos os gastos de transporte e entrega do subministro e demais gastos asociados a prestación do servizo. Aos devanditos prezos, aplicarase o desconto ofertado polo adxudicatario, aplicándose a estes os gastos xerais do 8%, beneficio industrial do 6% e o IVE correspondente en cada momento.

Consta no Anexo III ao PPT xustificación dos prezos unitarios do subministro e servizos asociados. Para a elaboración de ditos prezos unitarios tívose en conta os custes de execución directos e indirectos:

- Os custes directos están conformados polos custes dos elementos a subministrar, a maquinaria e a man de obra en medios auxiliares para a realización dos traballos
- Os custes indirectos están compostos de aquelas actividades soporte que permitan a realización dos traballos

#### Determinación dos prezos unitarios corresponde ao subministro de pneumáticos.-

Dentro deste apartado terán consideración de prezos unitarios máximos os correspondentes ao subministro e colocación de cada tipo de pneumáticos e os mesmos están calculados en función dos custes de material, maquinaria, man de obra e medios auxiliares estimados para a realización de cada subministro, así como dos custes indirectos estimados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:22	Páxina 3 de 9
16269-445	CSV: A6AD4C-DB46EA-CH27E6-2UD94S-CKARPZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Expte. 16269-445

Atópase incluído no prezo de subministro de pneumático o traballo de desmonte do pneumático antigo, a colocación e inflado do novo pneumático no vehículo, así como equilibrado.

Consta no Anexo II do PPT relación dos pneumáticos e número de unidades requiridas polo Parque Móbil para un período dun ano, desagregándose segundo as medidas, características, clase e grupo de pneumático que require cada vehículo en base tanto as correspondentes indicacións dos fabricantes como das funcións a realizar a medio dos referidos vehículos ou maquinaria.

Aos devanditos prezos unitarios de subministro, aplicaranse o desconto ofertado polos licitadores, que será aplicado sobre o prezo unitario de subministro e montaxe de cada tipo de pneumático, incluíndo calquera imposto ou gravame oficial sobre o mesmo, e indicando o IVE de forma independente.

#### Determinación dos prezos unitarios correspondentes ao servizos asociados-

Defínense os diferentes servizos asociados aos efectos de determinar os prezos unitarios:

- **Permutas ou xiros de pneumáticos.** Son os traballos necesarios cando o desgaste dos pneumáticos non é uniforme nun mesmo vehículo. Nestes casos pode ser axeitado permutar os pneumáticos dianteiros cos traseiros ou xirar unha roda para outra do mesmo eixe co fin de aumentar á durabilidade da banda de rodadura do pneumático.  
Este tipo de traballo incluírá o desmontaxe do pneumático, o xiro ou permuta do mesmo a calquera posición dos eixos dianteiros e traseiros, o equilibrado e a revisión da presión dos pneumáticos e das válvulas, procedendo o cambio das mesmas si fora preciso.
- **Reparación de pinchazos, mediante a reparación do propio pneumático e equilibrado.** Cando se produce o desinchado do pneumático por pinchazo puntual, e este aínda se atopa na súa vida útil, procederáse á reparación do mesmo mediante a técnica mais axeitada dependendo do tipo da roda, da natureza do pinchazo, do uso do vehículo, etc.  
Este tipo de traballo incluírá o desmontaxe do pneumático, reparación, inflado, equilibrado e montaxe do pneumático, e a verificación da presión inflado de todas as rodas do vehículo.
- **Renovado (solo para os vehículos de tipo industrial).** Comprende o conxunto de actuacións que é necesario realizar nos pneumáticos dun vehículo ante determinadas avarías de certa importancia, que permiten seguir utilizando o pneumático en perfectas garantías de usabilidade e seguridade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:22	Páxina 4 de 9
16269-445	CSV: A6AD4C-DB46EA-CH27E6-2UD94S-CKARPZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Expte. 16269-445

Este tipo de traballo incluírá o desmontaxe do pneumático, o renovado, a montaxe do pneumático, o equilibrado, e a verificación da presión inflado de todas as rodas do vehículo.

- **Substitución de cámara interior de pneumático.** Comprende o conxunto de actuacións que é necesario realizar para substituír a cámara de aire do pneumático.  
Este tipo de traballo incluírá o desmontaxe do pneumático, a retirada e colocación de nova cámara interior o pneumática, a montaxe do pneumático, o equilibrado, e a verificación da presión inflado de todas as rodas do vehículo.
- **Aliñación de direccións.** Traballo necesario para o correcto funcionamento dun vehículo e o mantemento da vida útil do pneumático. Realízase periodicamente e pode estar asociado en moitos casos ao cambio de pneumáticos. O adxudicatario deberá empregar os medios precisos e adecuados para a correcta execución destes traballos.
- **Asistencia técnica.** se define como asistencia técnica o traslado de persoal especialista cos medios adecuados ao lugar onde se produce a avaría do pneumático, ben sexa en calquera parte do termo municipal ou nas propias instalacións do Parque Móbil mediante a utilización dunha unidade Móbil. Nestes casos os especialistas transportan o material necesario e arranxan o problema "in situ". Este servizo ten por obxecto evitar que o vehículo quede inmovilizado si esta cumprindo un servizo e quede este interrompido temporalmente. Os traballos desenvolto por esta Unidade Móbil son o cambio de pneumáticos o arranxo de pinchazos, xunto co seu equilibrado.

Ditos prezos unitarios de servizos terán a consideración de máximos e atópanse calculados en función dos custes de material, maquinaria, man de obra e medios auxiliares estimados para a realización de cada un dos traballos, así como dos custes indirectos.

Aos devanditos prezos unitarios de servizo, aplicaranse o desconto ofertado polos licitadores, que será aplicado sobre o prezo unitario de cada servizo, incluíndo calquera imposto ou gravamen oficial sobre o mesmo, e indicando o IVE de forma independente.

#### **Determinación dos prezos unitarios non incluídos no Anexo III do PPTP**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:22	Páxina 5 de 9
16269-445	CSV: A6AD4C-DB46EA-CH27E6-2UD94S-CKARPZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Expte. 16269-445

Para o suposto de que durante o prazo de execución do contrato sexa necesario o subministro de algún tipo de pneumático ou traballo asociado que polas súas especificacións técnicas non se atope no cadro de prezos unitarios do Anexo III ao PPTP, será preciso determinar o prezo unitario do mesmo.

Ditos prezos unitarios non previstos fixaranse de forma contradictoria de conformidade co previsto no artigo 97 do RD 1098/2001, tomando como base os prezos elementais de materiais, maquinaria e man de obra utilizados para conformar os prezos unitarios contractuais e que figuran así mesmo no Cadro de Prezos, e seralle de aplicación o desconto correspondente ofertado polos licitadores, incluíndo calquera imposto ou gravame oficial sobre o mesmo, e indicando o IVE de forma independente.

### C) Orzamento base de licitación.

O artigo 100 LCSP establece que o orzamento base de licitación será o límite de gasto que o órgano de contratación poida comprometer, incluído o IVE, cuidando que o mesmo sexa adecuado aos prezos de mercado e tendo en conta tanto os custos directos como os indirectos.

Trátase dun contrato mixto dos contemplados no artigo 18 LCSP, nos que a prestación principal consiste no subministro de acordo co establecido no artigo 16.3 LCSP, coa obriga de entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario non sendo en consecuencia posible definir a contía total ao tempo de celebrar o contrato, sendo a mesma orientativa e subordinada ás necesidades. Por outra banda, de conformidade co establecido na Disposición Adicional 33ª LCSP, deberá aprobarse un orzamento máximo.

Así, en base aos devanditos preceptos e ao artigo 100 LCSP, o prezo que servirá de base para a execución do contrato está determinado en relación ao número de unidades tanto para o subministro de pneumáticos como dos servizos asociados, estimadas polo Parque Móbil como necesarias para un ano, tendo en conta tanto o número de vehículos, a súa antigüidade e estado, e os datos estimados polo Parque, non podendo definirse a contía total con exactitude.

O importe do orzamento base de licitación se estima en **CENTO CATORCE MIL SEISCENTOS TRINTA E UN EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (114.631,34 €)**, IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de **DEZANOVE MIL CORENTA E CINCO SEIS EUROS CON DOCE CÉNTIMOS (19.894,70 €)**.

### D) Anualidades:

PARQUE MÓBIL

Páxina 6 de 9



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:22	Páxina 6 de 9
16269-445	CSV: A6AD4C-DB46EA-CH27E6-2UD94S-CKARPZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Anualidade	con IVE	sen IVE	IVE
2024	17,500.00 €	14,462.81 €	3,037.19 €
2025	57.315,67 €	47,368.32 €	9,947.35 €
2026	39.815,67 €	32,905.51 €	6,910.16 €
<b>Total</b>	<b>114,631.34 €</b>	<b>94,736.64 €</b>	<b>19,894.70 €</b>

En base á natureza do contrato e como queira que o importe para cada unha das anualidades é estimado aboaranse exclusivamente o subministro e as prestacións realmente executadas, no suposto de non acadar a cifra establecida para estas anualidades, a empresa adxudicataria non terá dereito a indemnización de ningún tipo.

As diferentes anualidades imputarase aos exercicios orzamentarios detallados, en consecuencia o gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

#### E) Valor estimado e método de cálculo:

Ao abeiro do establecido no artigo 101 LCSP o valor estimado do contrato estipúlase en **CENTO SESENTA E UN MIL CINCUENTA E DOUS EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (161.052,30 €)**, tendo en conta os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial, a posibilidade de prórroga do contrato ata un máximo dunha anualidade e as modificacións á alza previstas, así como os custes derivados da aplicación das normativas laborais vixentes.

#### Método de cálculo:

	sen IVE
Orzamento de execución material	83,102.32 €
Gastos xerais do 8%	6,648.19 €
Beneficio industrial do 6%	4,986.14 €
Total	94,736.64 €
Modificacións á alza previstas 20%	18,947.33 €
Importe máx. Prórrogas (1 ano)	47,368.32 €
<b>Valor estimado</b>	<b>161,052.30 €</b>





### 3.- REVISIÓN DE PREZOS.

Tendo en conta a duración do contrato non se prevén alteracións significativas dos prezos unitarios, polo que o prezo ofertado estará vixente durante a vixencia do contrato.

### 4.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012 DE 7 ABRIL.

O importe do contrato deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida 9202 2211100.- Repostos elementos de Transporte, a nivel de bolsa de vinculación, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

O gasto proposto establécese de acordo cos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira contidos no artigo 7 da Lei orgánica 2/2012, de 7 de abril, xa que non van a significar desequilibrio financeiro tendo en conta que os prezos unitarios axústanse aos prezos do mercado.

### 5.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

#### A.- Obriga de albará electrónico

A empresa adjudicataria deberá entregar mensualmente relación correspondente ao subministro e servizos prestados de acordo co procedemento establecido na Cláusula 7.2ª do PPTP.

#### b.- Facturación

O importe do prezo satisfaráse ó contratista por meses vencidos.

A factura electrónica a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:22	Páxina 8 de 9
16269-445	CSV: A6AD4C-DB46EA-CH27E6-2UD94S-CKARPZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



PARQUE MÓBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO DE  
VIGO



Expte. 16269-445

- UNIDADE TRAMITADORA: GE0000674 PARQUE MÓBIL
- OFICINA CONTABLE: GE0000575/ INTERVENCIÓN
- ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

En consecuencia os antecedentes descritos, propónse o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos remitir a presente memoria económica para continuar o procedemento de contratación do xustificativa do **SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE PNEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO.**

Vigo, a data da sinatura dixital

RGS/

A Técnico de xestión.- Ruth Gallego Santos.

CONFORME.- O Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos.- F. Javier Pardo Espiñeira.

PARQUE MÓBIL

Páxina 9 de 9



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:22	Páxina 9 de 9
16269-445	CSV: A6AD4C-DB46EA-CH27E6-2UD94S-CKARPZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		